

os nosos escritores 1999



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Dirección Xeral de Promoción Cultural



XACOBEO'99



M.^a DO CARME KRUCKENBERG, naceu en Vigo en 1926. Estudiu en Vigo pero a súa cultura fíxose lendo, viaxando e estudiando o que a fascina por riba de todo: a vida. Dende moi nova viaxou por Europa cos seus pais, e en 1949 marcha a Bos Aires, onde vive catro anos e onde ten a súa única filla. En 1954 marcha ós Estados Unidos para acadar un mellor coñecemento da lingua e da cultura americana. Volta a Vigo e aínda sae a percorrer o mundo que tanto lle interesa. Entre outras obras, ten publicado en galego *Cantigas de vento* (1956), *Canibal d'ouro* (1962), *Cantiga de amigo a Ramón G. Sierra do Pampillon* (1972), *A sombra ergueita* (1976), *Cantigas para un tempo esquecido* (1986), *Meditacións á beira da noite* (1997), e o Conto, *O paxariño de Sevilla* en prosa (1998), ademais de oito libros en castelán, algunhas traducións e diversas colaboracións en revistas literarias e na prensa.

Cada minuto o tempo
acoítélame unha bágoa
que grida por saír de meu peito,
como o afogado das augas temerosas
que negan a orela do silencio.

Que pulan por deixar a dolor
navegar de mar a mar
co dereito de ter sido
unha fiestra atenta a ise espacio
onde enfeitiza o sentimento do esquezo.

Cada minuto e cada oco dise tempo
desfai a superficie das augas temerosas
que irremisiblemente desacouga o vento.

(De *Meditacións á beira da noite*)